



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

DECRETO

Expediente nº: /2019

Asunto: Contratos menores de diversos servizos e subministros para a "IX CARREIRA SOLIDARIA 2019"

Procedemento: Contratación

Vista a proposta de gasto e informe de necesidade emitido pola Alcaldía-Pedanía o día 11/11/2019 para a contratación menor dos seguintes servizos e subministro que a continuación se enumeran para a IX CARREIRA SOLIDARIA 2019, e atendendo aos orzamentos dos servizos e subministros elaborados polos contratistas, que se cuantifican nun total de **4.920,04 €**, IVE incluído.

	Concepto	Importe (€)	Empresas propostas
1	Charanga AIRIÑOS DA FRACHA	500	Asoc. Cult. Charanga AIRIÑOS DA FRACHA
2	Cronometraxe, dorsais, megafonía, Speaker, arco meta, arco saída, inscricións	868,18	CRONOTEC
3	Carpa, esceario, iluminación e toldos.	1.391,50	Carpas Pontevedra, S.L.
4	Panadería	300	Panadería Blanco
5	Chorizos e panceta	350	V.R. EMBUTIDOS
6	Toneis de cervexa	300	ALDIR ALXEN, S.L.
7	Castañas e carbón	500	LABRALIA BEMBRIVE
8	Instalación de dúas tomas de corrente	462,22	MADINFOR GLOBAL, S.L.
9	Seguro accidentes corredores	248,14	NORTE BROKER, S.L.

Atendido que na proposta de gasto expresada se xustifica, a efectos do artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que non se alteran os obxectos dos contratos para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que os distintos contratistas non subscribiron máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen o importe de 15.000 euros.

Acredítase a existencia de crédito axeitado e suficiente e as competencias como órgano de contratación atribúense á Alcaldía-Pedanía.

Considerando o disposto nos artigos 63.4 e 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Esta Alcaldía, en uso da competencia que ten atribuída segundo o apartado 1 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Adxudicar os seguintes contratos menores de servizos e subministros para a IX CARREIRA SOLIDARIA, aos seguintes contratistas:

	Concepto	Importe (€)	Empresas propostas
1	Charanga AIRIÑOS DA FRACHA	500	Asoc. Cult. Charanga AIRIÑOS DA FRACHA
2	Cronometraxe, dorsais, megafonía, Speaker, arco meta, arco saída, inscricións	868,18	CRNOTEC
3	Carpa, esceario, iluminación e toldos.	1.391,50	Carpas Pontevedra, S.L.
4	Panadería	300	Panadería Blanco
5	Chorizos e panceta	350	V.R. EMBUTIDOS
6	Toneis de cervexa	300	ALDIR ALXEN, S.L.
7	Castañas e carbón	500	LABRALIA BEMBRIVE
8	Instalación de dúas tomas de corrente	462,22	MADINFOR GLOBAL, S.L.
9	Seguro accidentes corredores	248,14	NORTE BROKER, S.L.

SEGUNDO.- Aprobar os gastos correspondentes ás adxudicacións das contratacións dos referidos servizos e subministros, autorizando e dispoñendo estes con cargo ás aplicacións 338.226, 341.226, 338.221, 338.227 E 341.224 do estado de gastos do Orzamento desta Entidade Local para o exercicio 2019 – bolsa de vinculación 3.2- , que é o prorrogado de 2014 (RC 2019 22001363).

TERCEIRO.- Unha vez realizados os servizos e subministros, incorpórense as facturas correspondentes, de acordo co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e tramítense os pagos se procede.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

CUARTO.- Publicar os contratos menor no Perfil de Contratante na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, comprendendo a información para publicar o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o IVE, e a identidade do adxudicatario.

QUINTO.- Os servizos e subministros executaranse baixo a dirección facultativa de alcaldía-pedanía, que exercerá as facultades do responsable do contrato.


SEXTO.- Notificar o presente acordo aos contratistas adxudicatarios, con indicación dos recursos que sexan procedentes.

Mándao e asíno o alcalde-pedáneo, Marcos Castro González, en Bembrive, a 11/11/2019. Dou fe, a secretaria-interventora.

O Alcalde-Pedáneo,

A Secretaria-Interventora,

Asdo. Marcos Castro González



Asdo. Patricia Alvarellos Leis